

Entrevista | Xosé Benito Reza Rodríguez

DIRECTOR XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

«Protexer a biodiversidade é un signo de modernidade»

A Xunta xa traballa na ampliación da Rede Natura 2000 para incorporar novos espazos a unha lista na que xe se encontran varios enclaves situados na Costa da Morte

Pedro Tasende

CARBALLO

■ O goberno autonómico ven de anunciar que o territorio protexido pola Rede Natura 2000 será ampliado nun 50% en Galicia. Para elo contará cun Plan Director de Conservación que actualmente está en fase de elaboración e que dividirá a Rede en cinco zonas segundo os seus valores naturais. A norma tamén persegue determinar os usos posibles destas áreas, incentivando os usos tradicionais do territorio. A Rede Natura inclúe na actualidade 59 Lugares de Interese Comunitario e 14 Zonas de Especial Protección para as Aves, entre os que figuran algúns espazos naturais da Costa da Morte, pero a intención da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, que dirixe Xosé Benito Reza, é estender esa protección ao 17,6% do do territorio galego.

—¿Pensa que a protección da Rede Natura é o mellor instrumento para conservar o medio?

—Si, e de feito creo que é o instrumento máis importante a nivel mundial. É a rede ecolóxica máis grande de todo o mundo ao estar deseñada para todos os Estados Membros da UE. É o gran proxecto

européu de conservación da biodiversidade. A súa intención é crear unha gran rede ecolóxica coherente e europea para conservar as mellores manifestacións de biodiversidade en Europa.

—A cotío aparece desvirtuada como un freo ao progreso.

—Eu creo que agora se está dando bastante información. Ata hai dous anos moi pouca xente en Galicia sabía que existía a Rede Natura 2000. Dende que entramos no goberno non nos cansamos de repetir cales son as características desde programa, os beneficios e as oportunidades que reporta á sociedade galega, así como divulgar as zonas que están acollidas nesta protección especial. Ata entón non se sabía o que era a Rede Natura e tamén había infinidad de agresións de moitos tipos de proxectos e infraestruturas dentro da propia Rede. Non había regulación, normativas ou directrices e tampouco unha planificación clara sobre estes terreos. Pretendemos desterrar esta confusión co Plan Director de Conservación que estamos a ultimar.

—¿Para que servirá este novo plan?

—Sinxelamente para demostrar que o desenvolvemento sostible é posible e necesario. Ademais deixará claro que hai que romper cos tópicos e os fantasmas que falan en contra dos usos tradicionais do territorio galego. Eses usos foron realmente os que conservaron a biodiversidade e a paisaxe de Galicia. O proxecto Rede Natura non está en contra, nin moito menos, das actividades tradicionais sostibles. Ademais pretendemos buscar novas alternativas que van parellas ao desenvolvemento rural: turismo rural, agricultura ecolóxica, ecoturismo, artesanías etcétera. Isto favorecerá fixar poboación a carón destes parques protexidos.

—¿Cal será o incremento total do territorio galego protexido?

—Imos a aumentalo practicamente nun 50%. Estamos nun 11,6% e imos a pasar a un 17,6%. Aínda estamos traballando na proposta de ampliación facendo a cartografía correspondente a cada espazo novo.

—¿Como é a Rede Natura noutras comunidades?

—Cataluña ten case o 30% do seu territorio baixo esta protección, Madrid manexa unhas porcentaxes do 39,8%.



PACO RODRÍGUEZ

Reza di que a Rede non está en contra dos usos sostibles

Canarias sitúase nun 37% e sabe sacarlle proveito para o turismo. Nós somos practicamente a última comunidade da lista en protección da natureza no eido territorial.

—¿Qué supón a protección da biodiversidade?

—É un signo de modernidade, de que estamos no século XXI. Tiñamos moita falta de ter fe no valor do noso patrimonio natural. Creo que o respecto ao patrimonio ben sexa natural, cultural, arquitectónico, etnográfico etcétera, é un sintoma da vitalidade un pobo.

—¿Qué peso ten a divulgación?

—A divulgación é un os

grandes retos, pero tamén é moi importante traballar na consecución de recursos económicos para todas as zonas Rede Natura. Faló de abrir liñas de axuda para as boas iniciativas, medidas compensatorias, etcétera. Temos ao noso alcance os fondos estruturais 2007-2013 cunha serie de medidas destinadas ás áreas de Rede Natura. Á xente hai que apoiara e darlle opcións e financiamento. Todo vai encamiñado a ter un territorio ordenado, a respectar o que de verdade hai que respectar e a que se desenvolvan as industrias onde realmente se teñen que desenvolver.

Los profesores de los semifinalistas del Ecopreguntoiro conversaron en Radio Voz

LA VOZ | CARBALLO

■ El concurso escolar sobre medio ambiente O Ecopreguntoiro se tomou un respiro este fin de semana antes de comenzar las semifinales y, en vez de emitir un programa en el que dos colegios de Galicia competían por mantenerse en el concurso, el ofreció una interesante tertulia sobre el papel de la educación medioambiental en la que participaron profesores de los cuatro centros escolares que pasaron a esta ronda.

Ángeles Fernández, del colegio de Meira, destacou que el conocimiento sobre el medio ambiente y los hábitos responsables con el entorno «teñen que estar presentes na educación das persoas dende a primeira infancia». El portavoz de A Sangriña, Diego Boquete, señaló que la temática sobre el medio ambiente es tan amplia que «hai que estar moi ao día porque aos rapaces haille que



CASAL

Os alumnos do colexio Vilarmide son un dos catro semifinalistas

falar do que é o Protocolo de Kyoto, o cambio climático e outros conceptos». Por su parte, Eduardo Noya, del colegio muxián Vilarmide, denunció que el alumnado de las áreas rurales «xa está adoptando hábitos de vida dos nenos da cidade: aplácanse no sofá dian-

te da televisión ou o vixexgo e perden o contacto coa natureza que os rodea».

La profesora del colegio de Meira bromeó diciendo que «como non nos impliquemos todos na educación medioambiental, os nenos vanse a asustar ata de ver unha vaca».

El barco solar de WWF Adena visitará la costa de Galicia tras su travesía por el Atlántico

LA VOZ | CARBALLO

■ El pasado martes terminaba en la ciudad de Nueva York la travesía del Atlántico que protagonizó el catamarán Sun 21. El viaje no sería noticia de no ser porque este navío emplea únicamente la energía solar para navegar y porque se ha convertido en el primer barco que ha cruzado el charco con este singular sistema de propulsión.

El catamarán, fletado por la oenegé WWF Adena, partió a finales del mes de noviembre de Sevilla. Su ruta incluía varios puertos en los que recalaba durante unos días para divulgar los beneficios y las posibilidades de la energía solar.

Heikki Mesa, portavoz de WWF Adena, explicó ante los micrófonos de Ecovoz que el barco «capta la energía del sol a través de paneles

fotovoltaicos que producen electricidad que mueven los motores eléctricos del barco». Uno de los logros de esta experiencia es la posibilidad de navegar durante la noche «gracias a las baterías que se cargan durante el día con los paneles solares».

Los navegantes del Sun 21, de procedencia suiza, consiguieron cerrar el viaje con una velocidad media de 10 nudos, «una media de crucero muy aceptable para una travesía de estas características», según explicó el portavoz de la organización ecologista.

Tras su aventura transoceánica, el Sun 21 regresará a Europa. WWF Adena está programando un recorrido por los principales puertos del litoral español que incluye una visita hasta algunos puertos de Galicia.